



CONCELLO DE MONFERO (A CORUÑA)

ANUNCIO

Aprobación DEFINITIVA 9ª modificación RPT

Unha vez aprobada definitivamente a novena modificación da Relación de Postos de Traballo deste Concello e actualización salarial ao S.M.I, por acordo adoptado en sesión plenaria celebrada o dezasete de outubro de dous mil vinte e cinco, tras transcorrer o preceptivo prazo de reclamacións sen que se presentara ningunha, de acordo co que preceptúa o art. 127 do Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, e o art. 202.3 da Lei 2/2015, de 29 de abril, do Emprego público de Galicia, a continuación reflíctese o resumo das modificacións aprobadas:

1.- Actualízase o importe do complemento específico dos postos de traballo das limpadoras, con códigos do 4219 e 4220, que pasará a ser de 161,84 euros mensuais, en 14 pagas, con efectos retroactivos para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024, e de 211,84 euros mensuais, en 14 pagas, con efectos retroactivos desde o día 1 de xaneiro de 2025.

2.- Actualízase o importe do incentivo ao rendemento dos postos de traballo das auxiliares de axuda no fogar, con códigos do 2321 ao 2329 que procedan, que pasará a ser de 474,56 euros mensuais, en 14 pagas, con efectos retroactivos para o período comprendido entre o 1 de xaneiro de 2024 e o 31 de decembro de 2024, e de 524,56 euros mensuais, en 14 pagas, con efectos retroactivos desde o día 1 de xaneiro de 2025.

3.- Os importes dos conceptos retributivos que se incrementan correspondentes ao ano 2025, que se indican nos núms. 1 e 2 anteriores, verán reducida a súa contía no importe en que, se fora o caso, se incrementa para 2025 a contía do salario base que corresponda no caso do persoal laboral, e do salario base e complemento de destino que correspondan no caso do persoal funcionario, sempre co límite de que se percibirá globalmente o incremento que se aprobe para 2025, no seu caso, que constituirá o seu mínimo se supera a contía do salario mínimo interprofesional para o 2025, sendo o importe do SMI noutro caso.

Contra a aprobación definitiva desta modificación da Relación de Postos de Traballo deste Concello, os interesados poderán interpoñer directamente recurso contencioso-administrativo ante a Sala correspondente do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, segundo establece o artigo 171 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, no prazo de dous meses contados a partir do día seguinte ao da publicación deste anuncio no BOP.

Monfero, 25 de novembro de 2025

O Alcalde en funcións

Alberto Cortizas Rejo